

# PLATÓN: Realidade e coñecemento

## A TEORÍA PLATÓNICA DAS IDEAS: Mundo intelixible e Mundo sensible, e graos de coñecemento



A *Ética* platónica seguía un *intelectualismo ético* segundo o cal para ser bos había que **definir** qué é a virtude (qué é o ben); paralelamente, a *Teoría Política* obrigaba, igualmente, a **definir** qué é a xustiza. Pois ben, esta necesidade da definición (favorecida polo intelectualismo socrático), xunto co dualismo antropolóxico (alma-corpo como realidades opostas), son o punto de partida da súa *Ontoloxía* e da súa *Teoría do Coñecemento*: Platón **busca conceptos universais (definicións universais) que fundamenten a ética e a política, para o cal levará a cabo unha filosofía baseada no intelectualismo socrático.**

[ontoloxía]

Pero para desenvolver esta cuestión debemos considerar tres puntos previos:

1. O REALISMO, segundo o cal Platón pensa que **tales definicións das cousas son reais e son independentes das cousas; é dicir, que existen por si mesmas.**
2. FUNDAMENTA A ÉTICA E A POLÍTICA: a ontoloxía e a filosofía platónicas baseadas no intelectualismo socrático **fundamentan a ética e a política**; supoñen, polo tanto, unha loita contra o relativismo dos sofistas.

**3.** Platón continúa a tradición filosófica grega centrada, fundamentalmente, en dúas cuestións: a cuestión da **esencia das cousas**<sup>1</sup>, e a cuestión do **movemento e do cambio** na realidade<sup>2</sup>. A clave para solucionar estas cuestións a atopa na filosofía presocrática, e sobre todo en dous pensadores: **PARMÉNIDES**, para quen o ser de algo sempre é, é dicir, unha cousa sempre é a mesma cousa, o seu ser non cambia; e **HERÁCLITO** para quen, en cambio, as cousas (a realidade) están sempre en continuo cambio e movemento, en constante devir, e xa non son o que son/eran (o propio das cousas é que están pasando constantemente).

Tendo en conta isto, Platón resolve o problema do ser das cousas (da realidade) por medio da **Teoría das Ideas**, exposta basicamente no *Mito da caverna* (República VII). A palabra **idea** ven do termo grego *eidos*, que significa **forma perfecta ou modelo (mental)**, que, á súa vez ven do verbo grego /*eidein*/ que significa **ver**. Polo tanto, **idea** significa a **forma perfecta ou o modelo que se ve intelectualmente**. Partindo deste concepto, Platón constrúe a súa *Teoría das Ideas* segundo a cal considera que **hai dous niveis de realidade: as ideas e as cousas**.

A IDEA é esa **definición ou universal que é a verdadeira realidade**, e non é un simple concepto mental senón que é absolutamente real. Podemos caracteriza-las ideas do seguinte xeito:

- **A idea é universal, inmutable e eterna** (ten as características do ser de PARMÉNIDES)
- Aínda que é o modelo das cousas, **a idea é trascendente ás cousas**, é dicir, está noutro nivel de realidade ó que chamamos Mundo das Ideas (Mundo intelixible).
- **Hai unha idea para cada CLASE de cousas**.

---

<sup>1</sup> Qué son as cousas (de aí a necesidade de definilas)

<sup>2</sup> Este problema ten que ver co anterior. Se damos por suposto que a realidade e as cousas están continuamente cambiando, cómo podemos polo tanto definir algo que cambia (que xa non é o que era)?

- **As ideas están xerarquizadas:** primeiro están as ideas fundamentais de *ben-beleza-xustiza*, logo as ideas matemáticas e, finalmente, o resto das ideas<sup>3</sup>.
- **Sobre as ideas constrúese a ciencia:** como a ciencia é o coñecemento do universal, só pode haber ciencia das ideas.
- **Ás ideas accedese pola intelixencia.**

As COUSAS, en cambio, **non son verdadeiras, senón que a súa realidade é aparente (parecen reais)**. Neste sentido, **non son reais, senón que participan da realidade, e** podemos caracteriza-las do seguinte xeito:

- **As cousas son múltiples, finitas e están en continuo cambio** (seguen o *dever* de HERÁCLITO).
- **As cousas pertencen a este mundo,** ó que chamamos *Mundo das cousas* (Mundo Sensible).
- **Sobre as cousas non hai ciencia,** porque non son universais, senón particulares. Sobre elas so hai mera opinión.
- **Ás cousas chegamos polos sentidos.**

Por outra banda, a *Teoría das Ideas* tivo que responder a preguntas difíciles xa co mesmo Platón no seu período crítico, destacando os seguintes problemas:

- 1) **¿de qué hai ideas?** En xeral hai ideas éticas, estéticas, políticas, matemáticas, etc... Pero esta pregunta foi un problema difícil e representa a evolución dos diálogos de madurez ós diálogos críticos; alí Platón chega a admitir **ideas de calquera clase de cousas: idea de pelo, idea de lixo, etc...**
- 2) **xa que hai dous mundos diferentes, ¿qué relación hai entre a idea e as cousas?** Para esta pregunta Platón propuxo catro solucións complementarias: **causalidade** (a *idea* é a causa das cousas), **presenza** (a *idea* está presente nas cousas - aínda

---

<sup>3</sup> Deste xeito constrúese a chamada *Pirámide de las Ideas* cuxo vértice ocúpao a *idea* fundamental, a *Idea de Ben*.

que non está dentro delas-), **imitación** (as cousas imitan á súa *idea*), e **participación** (as cousas participan da súa *idea*).

**3) xa que o verdadeiro coñecemento (científico) é o coñecemento das ideas -e non das cousas-, ¿qué é coñecer e qué clases de coñecemento hai?**

[graos de coñecemento]

Desta maneira entramos na Teoría do coñecemento platónica. Neste sentido, o dualismo ontolóxico (idea-cousa) engadido ó dualismo antropolóxico (alma-cousa), obriga na teoría do coñecemento tamén a un dualismo gnoseolóxico entre **ciencia e opinión**. Mais, hai que empezar dicindo que a teoría do coñecemento platónico artéllase arredor de dous problemas fundamentais: a) o verdadeiro coñecemento so o hai das ideas, entón ¿qué hai que entender por coñecemento, en qué consiste coñecer? Esta pregunta respóndese desde a antropoloxía platónica, e Platón propón tres explicacións diferentes:

1. coñecemos por medio da **DIALÉCTICA**, que procede da maiéutica socrática, e consiste en acada-la idea a partir de teses opostas que se van contraponendo.
2. coñecemos por medio do **AMOR**, un impulso que nos leva a coñecer o que descoñecemos.
3. o coñecemento é **REMINISCENCIA (recordar)**; esta é a explicación máis importante, e resúmese na teses de que aprender = recordar. Para explicar isto Platón ten en conta a antropoloxía, sobre todo a inmortalidade e a reencarnación da alma, e a partir de aí a explicación de Platón é a seguinte: cando a alma, inmortal, está no *Mundo das Ideas*, viu e relacionouse con tódalas ideas, ata que se reencarnou nun corpo; pero ó reencarnarse esqueceu todo o que viu, de maneira que, cada vez que aprende ou coñece algo o que realmente fai é lembrar o que xa vira no *Mundo das Ideas*, aprender=recordar. E desta

maneira, Platón defende o **coñecemento innato**, é dicir, o coñecemento está en nós, non nos ven desde fora<sup>4</sup>.

b) por outra banda, ¿qué clases de coñecemento hai? A resposta a esta cuestión vémosla no Símil da liña (República VI), onde se consideran dúas clases de coñecemento, a **ciencia**, que é un coñecemento verdadeiro e superior, e a **opinión**, que é un coñecemento falso e inferior. Neste sentido, o Símil da liña expón os graos de coñecemento nun **ascenso** que vai desde un coñecemento erróneo, identificado ca **escuridade**, ata un coñecemento verdadeiro, identificado ca **claridade**, e para expoñer eses graos considera unha liña dividida en dous segmentos (correspondentes á clase de coñecemento) e que, a súa vez, divídense en dous subsegmentos cada un (correspondentes ós graos de coñecemento); temos, polo tanto, catro graos de coñecemento:

A **CIENCIA** (coñecemento intelectual)

DIALÉCTICA, que chega ás **ideas**.

PENSAMENTO, que leva a cabo o **razoamento matemático**.

A **OPINIÓN** (coñecemento sensible)

CRENZA, pola cal coñecemos os **obxectos (as cousas)** a través dos sentidos

ILUSIÓN, pola cal temos as **imaxes dos obxectos**.

---

<sup>4</sup> Caso do empirismo.


**Símil da liña**



“Sea como sea, ¿tienes ante ti esas dos especies, **la visible y la inteligible**?”

-Las tengo.

-Toma, pues, una línea que esté cortada en dos segmentos desiguales y vuelve a cortar cada uno de los segmentos, el del género visible y el del inteligible, siguiendo la misma proporción. Entonces tendrás, clasificados según la mayor claridad u oscuridad de cada uno...” (509de)



“Ahora aplica a los cuatro segmentos estas cuatro operaciones que realiza el alma: la inteligencia [dialéctica] al más elevado, el pensamiento al segundo; al tercero dale la creencia y al último la imaginación; y ponlos en orden, considerando que cada uno de ellos participa tanto más de la claridad cuanto más participen de la verdad los objetos a que se aplica.

-Ya lo comprendo -dijo-; estoy de acuerdo y los ordeno como dices.” (511e)

## CRÍTICAS E INFLUENCIAS DA FILOSOFÍA PLATÓNICA

*Toda a historia do pensamento non é máis que notas a pé de páxina dos textos de Platón*

Alfred Withehead

Ó longo da historia do pensamento, o platonismo foi sometido a crítica case constantemente, e parécenos importante subliñar os seguintes momentos: **ARISTÓTELES** foi alumno de Platón na *Academia* durante case vinte anos e, polo tanto, coñece perfectamente o platonismo; non obstante, rexeita a teoría das ideas platónica e faille a primeira crítica. Segundo ARISTÓTELES, Platón en vez de solucionar-lo problema da explicación da realidade, multiplica por tres motivos: 1º porque agora non só ten que explicar de onde veñen as cousas, senón tamén de onde veñen as ideas; 2º porque se afirma que hai ideas e cousas ten o problema de explicar cómo se relacionan entre si<sup>5</sup>; 3º porque coa teoría das ideas caeríamos no argumento do terceiro home, é dicir, teríamos que ir buscando causas ata o infinito. Por todo isto Aristóteles rexeita a teoría das ideas de Platón. No seu lugar ARISTÓTELES defenderá que non existen as ideas, senón que o ser das cousas, a sustancia, que se fundamenta no hilemorfismo (materia + forma) está nas cousas mesmas<sup>6</sup>. Deste xeito nega o *Mundo das ideas*. E isto fará que a súa teoría do coñecemento, fronte a Platón, sexa empirista.

Pola súa banda, no empirismo moderno (Locke e Hume), **LOCKE** fai unha crítica expresa das ideas platónicas, e o que critica especialmente é o carácter innato das ideas. Lembremos que para Platón toda-las ideas están xa aprendidas na alma, é dicir, son innatas (aprender=recordar); fronte a esta postura, os empiristas negan ese innatismo, e defenden que todo coñecemento empeza polos sentidos.

→**NIETZSCHE**.

---

<sup>5</sup>Este problema debeu ser importante na Academia porque, como vimos antes, xa Platón o tentou solucionar, pero a Aristóteles aquilo de *causalidade, presenza, imitación e participación* non lle convence.

<sup>6</sup>Nega o carácter trascendente do platonismo.

Por outro lado, ó longo da historia atopamos tamén pensamentos que seguen o platonismo. Neste sentido hai que dicir que a Academia platónica estivo aberta ata o século VI d. C.<sup>7</sup> e, ata a Escolástica, hai unha clara influencia de Platón e do Neoplatonismo tanto no pensamento na filosofía como no pensamento cristián, sobre todo en **AGOSTIÑO de HIPONA**. Na Escolástica tamén hai unha liña platónica encabezada por **SAN BUENAVENTURA** en oposición á liña aristotélica, e na modernidade o Racionalismo Moderno (DESCARTES) defendera a existencia de ideas innatas. Finalmente, no século XX atopamos por exemplo que **POPPER** constrúe o seu MUNDO-3 sobre o Mundo das Ideas de Platón, pero sobre todo será **CHOMSKY** quen recuperará o platonismo na súa teoría da *Gramática xenerativa*: unha gramática universal e innata nos individuos que se transforma logo na gramática particular das súas linguas.

---

<sup>7</sup>A Academia platónica permanece aberta ata o ano 529 en que pecha por decreto do emperador Justiniano.